SETEMBRO-OUTUBRO 2023
Revista Galega de Información Literaria - Ano 21 N.º 124
PVP 3 €

"O patio é un mundo marabilloso que me inspirou cantidade de aventuras", di O Hematocrítico

Entrevista con Pedro Feijoo, que achega en Ninguén contará a verdade unha ousada trama de ficción de absoluta actualidade

As alumnas, de Paula Carballeira, Premio Nacional de Literatura Dramática 2023

Biblos

CLUBE DE LECTORES

CARTA AOS LECTORES

Dúas datas para celebrar

Primeiro foron os vinte anos de historia do Clube de Lectores Biblos e agora, o pasado 15 de agosto, a celebración da primeira década de vida da nosa libraría en Betanzos. Sumada unha e outra iniciativa, son moitos miles de libros os que pasaron polas nosas mans camiño do seu destinatario natural, o lector, o socio, as persoas que facedes posible este milagre para a cultura en galego grazas ao voso compromiso de adquirir as obras que creadores, editoriais e tanta outra xente fan posible.

Está claro que sen a importancia que conceden aos libros en particular e á cultura en xeral os socios de Biblos e os clientes da libraría, os nosos esforzos non valerían ren (e son razóns para lembrarlles que fagan canto antes as encomendas para poder atendelos debidamente). Pero ao mesmo tempo parécenos claro que o que levamos feito non é pouco. O tecido cultural que se formou arredor da libraría de Betanzos (outros exemplos claros hai por Galicia adiante no presente e no pasado), tanto de lectores individuais como de clubs de lectura ou iniciativas diversas, fan pensar no moito que se podería acadar desde unha administración do país disposta a loitar realmente polo libro e a súa difusión.

A estas alturas, xa son moitos os nenos e nenas que botaron horas na libraría, remexendo, saltando, tirando algúns libros, pasando as follas doutros, mirando sorprendidos as ilustracións... e que agora son adolescentes ou adultos que recoñecen un vínculo especial con ese espazo que consideran propio. Iso é transcendental, sen máis. Pero particularmente no caso do publicado en galego.

Poñer en marcha unha libraría e mantela constitúen esforzos ímprobos. Pero hai moitísima xente capacitada para facelo que podería artellar fermosos proxectos se a administración estivese disposta a orientala e apoiala. É posible e necesario crear ese tecido cultural especialmente en tantas vilas galegas que carecen (tamén) deste servizo básico e vital.

Carmela González
Directora



Dous proxectos suxestivos de arte transformadora

Laura Calvo e Candela Ordóñez transfiguraron a sala de actos da libraría Biblos de Betanzos para dar a coñecer nunha exposición conxunta os seus respectivos proxectos artísticos de arte transformadora, "Boor" e "Moitomorro". Educadoras sociais de formación, ambas atopan no uso de materiais de refugallo (lixo mariño no caso de Laura Calvo e publicacións en desuso no de Candela Ordóñez) o substrato para comunicar as reflexións propias e o seu compromiso co medio ambiente e a sociedade. A mostra levaba o informal título de "Do que sempre falaramos" en referencia ao tempo invertido no desenvolvemento do proxecto. Componse de pezas únicas de deseño creadas con técnica puntillista sobre boias e flotadores recollidos na beiramar para poñer o foco sobre a problemática do lixo mariño, e de colaxes analóxicas con mensaxes directas de crítica social.

No mes de xullo pasou tamén pola libraría Manuel Monge para presentar o seu libro máis recente, *Feijóo. Biografía dun farsante (non autorizada)*, editado por Laiovento. Monge explicou que se trata dun libro colectivo na medida en que recolle unha manchea de achegas xornalísticas nas que basea as súas argumentacións, e de consulta. "Informar é o acto máis revolucionario que se pode facer a día de hoxe", sinalou. Estivo acompañado do escritor Xesús Torres Regueiro.

Por outra banda, a betanceira Genma Pardo falou de *KLAD El loro pegatina*, o seu primeiro conto, un texto en galego e castelán pensado, escrito e publicado como iniciativa solidaria para recadar fondos que financien proxectos de investigación para o tratamento e cura do cancro. Gemola falou con afervoamento sobre como se xestou a idea de autoeditar este relato, que ilustrou Eva Losada (EvaBlu) e traduciu ao galego Alicia Longueira. O importe das vendas destinarase as asociacións Nico contra el cáncer infantil, Asotrame e Cris contra el cáncer, en lembranza de Noel.

Biblos
CLUBE DE LECTORES
Biblos Clube de Lectores, S. L.
Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada
Ilustración de Xoán G. para a capa do libro *Os trobadores da terra de Betanzos* na que se presenta á María Balteira artista, lonxe dos escarnios da época na que se levaba moi mal iso de que as mulleres non estivesen pechadas na casa.

Para conmemoralo, publicamos unha achega aos trobadores da contorna

Décimo aniversario da libraría Biblos de Betanzos

O 15 de agosto de 2013 a libraría Biblos abría por primeira vez as súas portas en Betanzos. Dez anos despois seguimos co mesmo afán de continuar avanzando cun proxecto galego que busca potenciar as redes relacionadas co libro, as artes plásticas e mesmo coa actividade musical pola vía de ofrecer unha programación dinámica e de impulsar a función social da libraría.

Celebramos este aniversario coa publicación do libro titulado *Os trobadores da terra de Betanzos*, con textos dos profesores da área de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña Leticia Eirín, Manuel Ferreiro e Teresa López, un limiar da betanceira Concha Delgado, e deseño e ilustración de portada de Xoán G. Os dous primeiros forman parte do equipo de Universo Cantigas que está a realizar a edición crítica (dixital) da poesía medieval galego-portuguesa. Teresa López é especialista no neotrobadorismo (a poesía inspirada no cancioneiro medieval) ao que se dedica unha parte do libro.

As cantigas medievais constitúen o primeiro e máis importante monumento literario galego, elemento basilar da nosa identidade colectiva como apuntou Manuel Ferreiro no acto de presentación, quen fixo fincapé na necesidade de reivindicar os textos tradicionais. Este volume constitúe unha aproximación diversa a catro figuras orixinarias da terra de Betanzos: os trobadores Pero de Armea, Pero García de Ambroa e Pedro Amigo de Sevilha e mais a soldadeira María Pérez, a Balteira, protagonista de múltiplas cantigas de escarnio e maldizer. Tras unha achega ás figuras destes tres trobadores e da soldadeira, preséntase unha antoloxía das cantigas da súa autoría e unha escolma dos textos sobre a soldadeira de Betanzos, para cerrar o volume cunha selección de poemas contemporáneos inspirados nos trobadores betanceiros e en María Balteira. Cada cantiga vai acompañada dunha versión (libre) ao galego moderno que, en xeral, procurando manter un ton arcaizante, clarifica o significado dos diversos elementos lingüísticos do texto. Ademais, de ser o caso, inclúense algunhas notas concretas explicativas de cuestións lingüísticas ou semántico-culturais.

A celebración do décimo aniversario da libraría segue no tempo á dos vinte anos da posta en marcha de Biblos Clube de Lectores, o pasado 3 de marzo.

Leticia Eirín, Manuel Ferreiro e Teresa López

Os trobadores da terra de Betanzos

Biblos — Rústica
19,5 × 21 cm — 112 páxinas

ISBN: 978-84-15086-55-0

16,15 €



Foto: Xurxo Lobato

Pedro Feijoo achega en *Ninguén contará a v*
unha ousada trama de ficción de absoluta a

Pedro Feijoo é dos primeiros autores en abrirse paso neste outono literario. Chega coa novela gañadora do Premio Xerais, o galardón máis prestixioso e cobizado das letras galegas. Nela o escritor vigués fai un retrato ao vivo do alcance da corrupción entre os políticos e as consecuencias para a sociedade actual artellado sobre o substrato dunha intensa labor de investigación con ducias de entrevistas. Malia non ter practicamente nada que ver coa trama da novela, a mecha prendeu no complicado momento da pandemia no que a cidadanía acordou sabendo que algunhas persoas foron quen de arrequecerse e multiplicar o seu capital a costa de comerciar con produtos que entón eran considerados de primeira necesidade. A partir de aí o escritor vigués articulou unha novela coa sedutora historia que rodea a un presidente da Xunta que deixa o seu cargo para postularse como candidato á presidencia do goberno central.

—Na súa anterior novela, Un lume azul, construíu unha trama de suspense, axustes de contas e violencia extrema. En Ninguén contará a verdade afonda na corrupción política na sociedade actual. Entenderá que o morbo está servido.

—Antes de nada, gustaríame deixar clara unha premisa: a min a cuestión do "morbo" xa non é que non me interese nada en absoluto; é que directamente o rexeito de maneira frontal. Son moi consciente de que nos movemos nun tempo literario en que precisamente iso, o do "morbo polo morbo", é unha cuestión que "mola" moito. Hai toda unha corrente de autores que se apuntaron á moda dese tipo de historias nas que o único que importa é ver quen imaxina e describe a maior atrocidade sen máis. Sinxelamente ser "brutos", desagradables ou escatolóxicos simplemente porque si. E, por máis que lendo as primeiras páxinas de Un lume azul puidese haber quen pensase que esa era a miña intención, non o era en absoluto. Entendo que calquera que lese a novela completa se decataría de que en realidade a miña intención era xustamente a contraria, buscar o xeito máis efectivo de chamar a atención sobre unha cuestión que, sobre todo, era e segue a ser real. Esa é a miña posición, empregar as ferramentas que teña á miña disposición para conseguir transmitir a miña mensaxe do xeito máis efectivo e claro posible.

> "Poucos males da nosa sociedade me parecen máis perversos, máis depravados que a corrupción"

—E volve facelo nesta nova novela?

—Iso é. Son consciente de que empregar a figura dun presidente autonómico que deixa o seu cargo para postularse como candidato a unhas eleccións xerais vai chamar a atención. Pero o que busco non é iso, quedar simplemente no escándalo polo escándalo. Vale que eu teño un punto de provocador, pero nunca me gustou iso, o escándalo gratuíto, senón máis ben buscar a forma máis acaída para transmitir o fondo.

Aclarado isto, talvez pareza que nesta novela non hai tanta violencia como na anterior. Pero que ninguén se engane. En todo caso, esa violencia non aparece tanto de xeito formal. Pero si estruturalmente. A raíz do problema exposto na novela está absolutamente envelenada de violencia. Poucos males da nosa sociedade me parecen máis perversos, máis depravados que a corrupción. E, ollo, porque nos acostumamos a etiquetar a corrupción co adxectivo rápido de "política". Pero en realidade a cousa vai moito máis alá da cousa política. A corrupción é política, si, pero tamén empresarial, informativa, financeira... A corrupción é estrutural. E nin distingue entre campos de acción, nin deixa a ninguén a salvo. En todo caso, e como moito, pódese dicir que mato pouco para o moito que todo este elenco de miserables merecerían, a teor da realidade coñecida, tanto previamente como despois de todo o proceso de documentación, que volveu ser longo e fondo. Esta novela chega logo de moitas horas de entrevistas con persoas de distintas posicións, ocupacións, e opcións políticas. O problema da corrupción non é de siglas, é de raíz, e procede de moito máis abaixo. Se estamos nunha situación tan podrecida é, entre outras cousas, porque a día de hoxe hai persoas que pensan que a máis disparatada das declaracións pódese tapar con outra maior sen que pase nada. Sen que haxa que render contas.

—Polo que conta estariamos a falar dunha reportaxe xornalística máis ca dunha novela?

—Eu diría que é a fotografía do momento do accidente, cunha cro-



erdade
ctualidade

noloxía moi parella ao calendario electoral. De feito, a cronoloxía da novela é a mesma que a que tiñamos prevista en España antes de que Pedro Sánchez adiantara as eleccións, pasándoas de novembro a xullo. Vamos, que a acción se desenvolve nos dous meses previos á noite do 23 ao 24 de novembro, que era cando estaba previsto que se iniciase oficialmente a campaña electoral. Unha vez coñecida a nova do adianto electoral, mesmo cheguei a considerar a opción de readaptar o calendario da novela, volvendo a facer cadrar as datas da trama coas do novo calendario electoral. Ao final non o fixen, porque considerei que á novela acaíalle moi ben ese aire de outono que impregna toda a historia. Pero en ningún momento deixou de preocuparme a intención clara de mesturar ficción e realidade, facendo todo o posible por sementar a dúbida no lector. Ou, o que é o mesmo, advertindo esta vez que, por terrible que che pareza o que che estou contado na novela, o máis probable é que a realidade sexa moito peor...

—Hai algún político real como protagonista?

—A ver, vaiamos por partes... O primeiro que me gustaría lembrar a este respecto é que non se trata dunha novela "política", ou, cando menos, non soamente de ambientacións políticas... Se o que imos retratar é o marco xeral de corrupción en que nos movemos, e non deixamos de sinalar que esa corrupción é algo intrínseco ao sistema, un cancro que vén da raíz, centrar a historia nada máis no aspecto político sería tan absurdo como pretender describir a estupidez humana e nada máis falar do tipo aquel que pintaba casas e no anuncio especificaba que se desprazaba a domicilio... Insisto en que non se pode contar unha historia de corrupción e quedar nada máis nun dos engrenaxes desta máquina tan complexa. E, nesa liña, si, claro, por suposto que haberá políticos recoñecibles. Algúns máis evidentes, outros máis disimulados, e mesmo haberá quen nun mesmo personaxe recoñeza persoas diferentes. Agora, do mesmo xeito tamén desfilarán ante a ollada dos lectores toda unha parada de personaxes máis ou menos recoñecibles doutros ámbitos, como o financeiro, o empresarial ou o informativo. Cómpre non esquecer que en realidade, e ao tocar tantos campos, non creo que se poida dicir que esta novela ten un ou dous personaxes principais. En todo caso, iremos acompañándonos de varios nomes e rostros que en determinados momentos nos farán máis ou menos compaña. Á fin e ao cabo, esta novela vén sendo algo así como unha especie de foto de familia, non moi ben avida, iso si, no momento anterior ao que comezan a voar os coitelos cando sentan á mesa.

—A corrupción entre os dirixentes políticos xera desconfianza e ten consecuencias inmediatas entre os gobernados. Como describe o estado de ánimo e a saúde da sociedade que traza?

—Exactamente igual que como describiría calquera cidadán atento o seu entorno máis actual: canso, desanimado, moitas veces mesmo desencantado ata a desesperanza, ata a convicción de que con esta clase política de merda que temos ao noso redor xa non hai nada que facer. Pero, ao mesmo tempo, con espazos para a máis sorprendente das ilusións. A fin de contas, somos os cidadáns que, cando xa todo parecía perdido, nos botamos masivamente ás urnas para dicirlle ao nosos políticos que, por moi merdáns que non disimulasen ser, había cousas que non estabamos dispostos a consentir. Como, por exemplo, deixar que o parasito fascista chegase a entrar no goberno de España. Iso é algo que, persoalmente, me fixo recuperar unha certa esperanza, a sensación de que mentres sigamos estando dispostos a falar, a actuar, se cadra non todo está tan perdido como parecía ata hai un pouco...

—Se tan mal estamos, hai lugar para a esperanza?

—Ben, creo que eses mesmos resultados aos que aludíamos na pregunta anterior falan por si sos. Malia o tremendismo e o pánico que certos medios de comunicación tentan inculcarnos día tras día, pretendendo engancharnos á droga da desesperanza como os máis miserables camellos, o certo é que aí atrás demostramos que non todo vale, e que, por máis que insistan, non poden contar con nós para mercarlles calquera discurso de merda, así veñan o imbécil de Pablo Motos e máis a lurpia de Ana Rosa Quintana a nos vender todo o seu veleno...

—Tivo a tentación de incluír no texto algún tipo de ensinanza moral?

—Por suposto que non. Se algo teño claro desde absolutamente sempre é que eu só sirvo de exemplo como mal exemplo, de maneira que, se apenas estou capacitado para camiñar e mascar chicle ao mesmo tempo... que carallo de ensinanza moral vou poder transmitir eu? Segundo teño entendido, para iso xa está practicamente toda a literatura infantil e sobre todo a xuvenil deste país. Se ademais entretivesen, iso xa sería a repanocha! Pero claro, disque todo non se poder pedir...

—Os seus libros convidan a reflexionar arredor da violencia e as súas causas. Tamén falan de perseguir as sombras e afondar nos vicios e a corrupción de personaxes sórdidas, pero vostede renega da novela negra.

—É que eu xa o dixen un monte de veces: non podo postularme como autor de novela negra, basicamente, porque non teño nin puñetera idea de que carallo é realmente iso da novela negra? Menos aínda cando neste país temos verdadeiros autores, xenios, e mesmo doutores da res negra. E se non que llo pregunten a un talento descomunal como é Diego Ameixeiras! Mira, imos resolver isto rapidamente: o día que Diego diga publicamente que o que eu fago é novela negra, daquela eu pecho a bocaza e non volvo abrila nunca máis. Paréceche?

—Dixo vostede nalgún momento que medrou admirando a sona deste premio, do que xa fora finalista con Os fillos do mar. Dalgún xeito pechou un círculo?

—Espero que non. Sendo como son (e, o que é peor, coñecéndome como me coñezo), estou seguro de que se nalgún momento chego a ter a sensación de que veño de pechar algún círculo, o seguinte que vou facer e botarme a descansar, a facer o lacazán. E di ti que igual esta entrega das armas pola miña parte igual tamén o agradecían as literaturas galega e castelá. Pero... que carallo, como diciamos en Lamatumbá, Non vale parar!

—Unha das personaxes é unha talentosa xornalista que tenta desentrañar un caso de corrupción política. Máis a novela titúlase Ninguén contará a verdade. Hai que comezar a ler partindo de que todo está perdido?

—Absolutamente non. A ver... Se algo se pode ter claro das miñas novelas, logo de tantos anos, tantas obras e tantas páxinas é que, se algo se sabe de min é que, desde logo, non son en absoluto de fiar... Nas miñas novelas nunca nada é o que parece, e diante delas o peor que podes facer como lector é dar por sentado que xa está, que xa o sabes, que me pillaches... Que xa sabes por onde che vou saír. Erro, erro grande, porque o máis probable é que apareza por onde menos o agardas e, ademais, zorregándoche ao facelo un golpe na cabeza que che deixe medio parvo. De maneira que... Non, se cadra non todo está tan perdido como podería parecer.



Pedro Feijoo

Ninguén contará a verdade

Marosa Vega, unha talentosa e hábil xornalista que foi despedida por andar sempre querendo investigar de máis, acepta un encargo moi especial dun antigo compañeiro: Salva Lamas pídelle axuda para desentrañar un caso de corrupción política que afecta ao presidente da Xunta de Galicia e que está a deixar un regueiro de vítimas. Construtores, banqueiros, avogados, altos cargos políticos, directivos de medios de comunicación... Todos teñen participación e obteñen beneficios da Administración pública: a empresa, «a máquina de verdade», como lle chaman. A súa ambición é absolutamente desmedida e son capaces de calquera cousa, por terrible, violenta e destrutiva que sexa, con tal de conseguir o que lles corresponde pola súa colaboración en favor do partido político no poder.

Xerais · Rústica · 15 × 23 cm · 640 páxinas

ISBN: 978-84-1110-432-6

23,70 €

Outros títulos

Os fillos do mar
ISBN: 978-84-9914-346-0
22,75 €

A memoria da choiva
ISBN: 978-84-9914-570-9
23,27 €

Morena, perigosa e románica
ISBN: 978-84-9914-919-6
22,75 €

Os fillos do lume
ISBN: 978-84-9121-231-7
21,80 €

Camiñar o Vigo vello
ISBN: 978-84-9121-326-0
20,42 €

Sen piedade
ISBN: 978-84-9121-400-7
16,10 €

Un lume azul
ISBN: 978-84-9121-615-5
23,70 €

Álex Alonso

O estranxeiro

Manuel María Pereira Nespereira acaba coa vida dun home meténdolle a cabeza nunha bolsa de plástico, na estación de autobuses de Vigo. Tras a súa detención, dá comezo un delirante xuízo no que o acusado trata de xustificar a súa acción. Alonso reformula a novela humorística que afonda nos mecanismos do xénero e amplía as súas estremas.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-386-2

16,62 €



Alexandre Plaza Poutás

A viaxe do castrexo

Novela histórica que se desenvolve no ano 137 a. C. no marco xeográfico comprendido entre o poboado castrexo do monte do Castro de Vigo e a actual cidade de Braga, en Portugal. O protagonista é un noviño e humilde pescador que, despois de ser condenado a morte inxustamente, consegue escapar do poboado. Tras múltiples avatares chega ata o territorio da tribo dos brácaros, onde se ve inmerso nos enfrontamentos coas lexións romanas que, comandadas polo cónsul Décimo Xunio Bruto, chegaron a estas terras dende o sur do río Douro coa intención de conquistalas. É a historia dunha viaxe e un canto á perseverança, á tenacidade, á forza de vontade, á amizade e ao amor, adubiada coa pegada da confrontación de culturas nos primeiros encontros entre os conquistadores romanos e os pobos castrexos do noroeste da Península Ibérica.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 486 páxinas

ISBN: 978-84-1176-058-4

24,22 €



Xaime Toxo

70º Norte

Unha praga contaxiosa con matices de maldición bíblica leva á civilización postindustrial aos límites da desaparición. No medio dunha extinción, sen conciencia do perigo, un pequeno grupo intúe que o paradoxo da salvación radica nas persoas que permaneceron illadas nos remotos contornos dunha natureza tan implacable como imprescindible. A Colonia é como denominan o campamento nómade onde viven. Moverse cara ao norte non é unha opción, senón unha condición de supervivencia. A miles de quilómetros do ruído das urbes, o destino da especie humana está en saberse unha parte máis do planeta que habita.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-1176-142-0

20,85 €



Celia Díaz Núñez

As faces do diamante

Unha anciá que camiña con zapatillas rotas, unha rapaza rescatada dun colector do lixo, un ancián que se esforzou por cumprir un xuramento que non debeu pronunciar, un rapaz que toca o tambor e fai bolboretas de papel, unha moza boliviana que non quere ser moeda de cambio de ninguén, unha rapaza que ceba o mate nunha noite de chuvia e fastío e unha nena xudía no gueto de Varsovia son algúns dos protagonistas destes relatos. Todos eles achegan o seu particular punto de vista dos segredos, arelas, decepcións ou vergoñas que marcan a súa vida.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-1176-140-6

16,72 €

Iria Morgade Valcárcel

Quen escribirá a miña historia?

As persoas presas no campo de concentración fronte ao mar non paraban de debuxar nas paredes do mosteiro. Facíano quizais para voar lonxe do horror. Tamén escribían os seus derradeiros pensamentos. Unha desas frases convértese para Alba nun enigma que é preciso resolver. Intentalo implicará comezar unha viaxe entre os anos trinta e o novo milenio, entre dous confinamentos ben diferentes: aquel dos presos do mosteiro, pero tamén o da propia Alba, cativa, tamén ela, da violencia.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 274 páxinas

ISBN: 978-84-1176-054-6

19,71 €



Ana Cabaleiro

Xa vemos palmeiras

Vinte persoas van pasar o fin de ano ao deserto de Merzouga, no Sáhara marroquí. Será unha viaxe singular, liderada por un guía fumado e dous condutores bérberes esquivos. Unha das viaxeiras regresa convencida de que unha noite que durmiron ao raso traboulle un espírito do deserto e dende entón anda polo mundo agoniando cunha brasa dentro.

Xerais Rústica
15,5 × 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-387-9

16,62 €

Aníbal C. Malvar

Un home que xaceu aquí

Trinta anos despois, Galaxia reedita esta primeira novela de Malvar. *Un home que xaceu aquí* pode ser unha satírica traxicomedia, unha intriga policial, un axuste de contas cun pasado falsificado, o diario atrapallado dun pretendido sedutor ou ningunha destas cousas. O seu incorrecto protagonista, X. M. Bernal, é un catedrático universitario que dispara as súas balas de ironía a torto e dereito nuns diálogos brillantes mentres procura polo mecanoscrito roubado dunha famosa novela escrita polo que foi o seu sogro.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 42 páxinas

ISBN: 978-84-1176-135-2

20,90 €



VV AA

Contármonos

Reúne catorce voces nun volume que xorde a partir do Obradoiro da Escrita impartido por Eli Ríos e impulsado en 2021 e 2022 polo Concello de Santiago co apoio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Son textos creados arredor de historias de vida das mulleres. Daqueles obradoiros naceu o colectivo Comadres das Letras. Moitas das autoras estréanse na literatura con esta publicación: Carmen Villar Alonso, Ana Lorenzo Blanco, Lorena Gómez Calvo, Isabel Cribeiro Galego, Beatriz Guerra García, M. C. García, Chus Prol Gómez, María Álvarez Landesa, Óscar Monti, Flora Miranda Pena, Marga Castro Rey, Eva Teixeiro Suárez, Nela Valado e Marta Abal Vaquero.

Alvarellos Rústica 21 × 14 cm 262 páxinas

ISBN: 978-84-18567-43-8

17,57 €



Nones Araújo

A madriña

Era o ano 57 do século pasado. A madriña, muller entrada en anos, obriga ao destino a poñer nas súas mans a vida dunha nena que, filla de pais emigrados, queda baixo a súa tutela, en total desamparo. A madriña, rexida polos mandamentos divinos e convencida de que o sufrimento e o sacrificio son virtudes e non atrancos, educa a afillada nunha pedagoxía austera. Só o avó paterno é quen de demostrarlle cariño, pois a madriña, afastada da familia, interpreta o mundo como un val de bágoas, sen saber atopar ningún pracer na vida. Ao regreso dos pais de Venezuela, a vida familiar da nena e dos dous irmáns énchese de gozo pero tamén de desacougos. Pasados uns anos, é na cidade de acollida onde comeza o futuro da pequena xa adolescente. Aí vive descubertas marabillosas e outras desacougantes que a empurran a medrar á présa.

Hércules Rústica 16,5 × 24 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-19754-14-1

17,10 €



Marga Cancela

O clamor das virxes

Dende a ficción do realismo máxico, Marga Cancela recrea a historia dunha das súas tías, Manola Negreira, quen entre 1939 e 1958 deu voz e visibilidade a un grupo de mulleres de aldea que na adolescencia padeceron en carne propia abusos e violacións por parte dun cacique. O resultado é unha novela sobre o feminismo ou sobre un grupo de mulleres que, sen elas sabelo, foron feministas e que en canto superaron o medo e a vergoña loitaron polos seus dereitos con dignidade.

Medulia Rústica 15 × 21 cm 194 páxinas

ISBN: 978-84-19438-50-8

17 €



Stella Estrada Mosquera

El doctor sin letra

A nostalxia e a necesidade de encontrarse consigo mesma levan á narradora desta novela a volver ao pobo que deixou hai moito tempo, onde o fundamental non mudou. Dende a distancia lembra a súa infancia e adolescencia e conta a historia dun pobo, Buraco, nunha illa perdida do Pacífico onde un grupo de amigos concibe a disparatada ilusión de triunfar fonte á inxustiza e unha moza soña cun amor que se volverá contra ela e os seus ideais. En castelán.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-19438-49-2

17 €



Xavier Abal Fernández

Entresoños

Unha tribo de soñadores, un xacemento arqueolóxico imposible, unha misteriosa obsesión felina, unha lenda de mouras e a biografía dun escritor inexistente, entre outras breves historias, forman parte dos contos deste libro, que pertencen todos ao xénero da literatura fantástica.

Toxosoutos Rústica
15 × 20 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-127489-1-8

13 €



Xavier Abal Fernández

Patadas na testa

Pequenos relatos, apenas unhas breves escenas, unhas historias mínimas relacionadas entre si nada máis que pola súa temática: a violencia. Ou mellor, as violencias de moitos tipos: física, psicolóxica, emocional, sexual, entre outros.

Toxosoutos Rústica
15 × 20 cm 106 páxinas

ISBN: 978-84-127489-2-5

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Luciano do Monfadal

Patria de Maeloc

Colectánea de poemas e contos: *A historia da Quisca* é a vida dunha cadela. *As aventuras de Thanos e Mac*, un conto imaxinado sobre dous cans. Os contos de Guedellas, unha miscelánea de contos de cans que lembran aos cans Cipión e Berganza de *El coloquio de los perros* (1609) de Miguel de Cervantes.

Toxosoutos Rústica
15 × 20 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-127489-3-2

15 €

Irene Solà

Foto: Oscar Holloway



Deiche ollos e miraches as tebras

A masía Clavell agóchase nalgún punto remoto dos montes de Les Guilleries, no nordés de Catalunya. En tempos de guerra, aínda que está rodeada de cazadores de lobos, bandoleiros, carlistas, maquis, pantasmas e demos, segue a resistir, habitada por mulleres, vivas e mortas. Herdeira da literatura popular e da narración oral de terras catalás, a autora segue forxando unha prestixiosa bibliografía que bebe das fontes do imaxinario colectivo reconstruído, actualizado e renovado a través dun estilo preciso, virtuoso e subversivo. Tradución de María Alonso Seisdedos.

Faktoría K Rústica 13,5 × 20,5 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-19213-43-3

16,15 €

Susan Abulhawa

O azul entre o ceo e a auga

Xa traducido a máis de 20 idiomas, achégase agora en galego. Conta a historia dunha familia palestina, os Baraka, que a través de diversas xeracións de mulleres, enleadas no tempo e no espazo, amosan a dura realidade da franxa de Ghaza. Personaxes masculinos e femininos nun territorio que lles é hostil e onde a forza, o humor, os lazos familiares, as obrigas e as lembranzas, crean unha rede que lles permite seguir adiante. Unha historia de resiliencia. Unha novela de exilio e desarraigo, de esperanza e afouteza. Tradución e introdución de Rocío Viéitez Ferro.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 382 páxinas

ISBN: 978-84-8487-647-2

22,75 €



Rosario Regueira

Retrato de ida e volta

Vitoria escapou. Marchou para a cidade fuxindo da violencia e das violencias; dos oprobios e das vexacións; das murmuracións e dos alcumes. Deixou atrás os retratos da súa vida gardados nunha caixa e empezou de novo. Moitos anos despois, a súa neta Lucía tamén escapou. Non foi quen de resistir o afogamento producido por unha cidade confinada pola COVID e fuxiu para unha aldea na que imaxinaba unha vida apracible en contacto coa natureza e alí construíu o seu mundo no que deu cabida ao futuro e á esperanza. Ese mesmo mundo permitiulle á avoa Vitoria volver abrir a caixa dos retratos e pechar o círculo.

Toxosoutos Rústica
15 × 20 cm 308 páxinas

ISBN: 978-84-127039-8-6

17,10 €

Kenneth Cook

O coala asasino

Crocodilos feroces, excéntricos mineiros do ópalo, coalas salvaxes, porcos furibundos, camelos rabudos e bebedores de cervexa insaciables forman parte da crueza do *outback* australiano descrita por Kenneth Cook. Nesta selección de contos hilarantes, o autor recolle as súas propias experiencias, tan incribles como reais, polas máis diversas paisaxes de Australia, dende o deserto á Gran Barreira. Tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21, 5 cm 170 páxinas

ISBN 978-84-19795-04-5

16,15 €



Fiódor Dostoievski

Crime e castigo

Novela de carácter psicolóxico, publicada por primeira vez en doce entregas entre os anos 1866 e 1867. Ambientada no San Petersburgo de 1865, a novela segue a Rodión Raskólnikov, un estudante que se ve obrigado a abandonar a universidade pola falta de recursos da súa familia. Necesitado de cartos para poder pagar os seus gastos, recorre a unha anciá prestamista, e, anoxado pola situación e cheo de delirios de grandeza, comeza a fantasiar coa idea de matar a anciá. Finalmente decide asasinar a prestamista, non só co fin de roubarlle, senón tamén por considerala un ser inútil para a sociedade. Porén, cando leva a cabo o seu plan, vese obrigado a matar tamén a Lizaveta, a irmá da anciá usureira, que o sorprende na escena do crime. Empeza o seu declive psicolóxico e consumido pola culpa, Raskólnikov non fai máis que escorrentar as persoas que intentan axudarlle. Tradución do ruso de Ekaterina Guerbek. Con ilustracións de Sarai Lorenzo e Eva Fandiño.

Rinoceronte Enteado 10,5 × 16,5 cm 688 páxinas

ISBN: 978-84-17388-93-5

38 €

Título anterior da mesma colección



Charles Dickens

Oliver Twist

Oliver é un orfo abandonado nun hospicio que se ve empurrado a convivir con delincuentes nos baixos fondos londinienses. As súas peripecias para vencer o seu destino e forxar o seu propio destino son narradas de forma maxistral por Dickens, que combina habilmente a vívida descrición de ambientes e personaxes e o sentido do humor para retratar a situación de opresión social da época. En tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Enteado 10,5 × 16,5 cm 576 páxinas

ISBN: 978-84-17388-54-6

22,80 €



Eric Carle

Da cabeza aos pés

Os animais –incluídos os humanos– moven os seus corpos de formas moi diferentes, ás veces mesmo ben curiosas. A divertida proposta deste libro acartonado é que as lectoras e os lectores deixen o sedentarismo para acompañar os protagonistas desta historia e imiten os seus xestos e as súas posturas: xirar a cabeza, balancearse, retorcerse... ata rir ás gargalladas. Outra achega desta obra de Eric Carle pasa por coñecer e nomear a anatomía propia, percorréndoa ao paso de cada páxina.

Kalandraka — Cartonado
12,5 × 18 cm — 28 páxinas

ISBN: 978-84-1343-232-8

13 €

Eric Carle

Unha eiruga moi larpeira

Un domingo soleado, unha eiruga nace dun ovo. É pequena pero ten moita fame. Por iso, día a día, percorre as páxinas perforadas deste libro devorando todo canto atopa ao seu paso: froitas, verduras e algunha que outra larpeirada. Así, ata se converter nunha fermosa bolboreta. O día e a noite, o grande e o pequeno, os días da semana, os números, os nomes dos alimentos ou o proceso natural da metamorfose son elementos presentes neste álbum construído e ilustrado por Carle coa técnica da colaxe. Traducido por Chema Heras e Pilar Martínez.

Kalandraka — Cartonado
29 × 21 cm — 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-246-5

15,20 €

José Antonio Abad

O osiño Chispa

Álbum tenro e divertido arredor da importancia da escola e da aprendizaxe, da necesidade de ir adquirindo autonomía persoal e ter en conta os consellos dos maiores. Aventureiro, alegre e decidido, o protagonista achégase unha mañá onda a súa nai para dicirlle que vai deixar a escola porque xa é maior e quere traballar... Pero cociñar, coser, pintar a porta da casa ou fabricar unha cadeira resultan ser tarefas máis difíciles do que imaxinaba. Chispa descoñece que a madurez é cuestión de tempo. Canda o texto poético e descritivo de José Antonio Abad, as ilustracións de Rosa Osuna achegan calidez, detallismo e sinxeleza nos trazos, ademais dunha acertada combinación cromática.

Kalandraka — Cartonado
22 × 24 cm — 36 páxinas

ISBN: 978-84-1343-245-8

14 €

Joli Hannah

Froitas e verduras

Historia para aprender e poñer en práctica, da man de Marga e Antón, os segredos do cultivo de froitas e verduras, e para coñecer a importancia de comer variado e alimentos de proximidade. As ilustracións de Malgorzata Detner achegan información relevante. Propón xogar a encontrar cousas agochadas en cada páxina, mentres se repasan as cores e os números. O texto está ideado para axudar á motricidade fina e á interacción familiar, cun valor educativo ao suxerir actividades divertidas para as crianzas.

Baía — Cartonado
23 × 24,5 cm — 14 páxinas

ISBN: 978-84-9995-426-4

15 €





Vanina Starkoff

Bailar nas nubes

Ata os soños máis remotos se poden facer realidade. Mentres se perseguen é posible aprender sobre multiculturalidade e convivencia, rodeados do colorido dun álbum que bebe das fontes do folclore latinoamericano. A través do soño dunha nena que desexa bailar coas nubes, este libro reflexiona sobre a importancia do intercambio cultural e do respecto entre persoas de diferentes procedencias. Tradución de Manuela Rodríguez.

Kalandraka — Cartonado
22 × 30 cm — 48 páxinas

ISBN: 978-84-8464-742-3

15,20 €

En castelán:
Bailar en las nubes

ISBN: 978-84-8464-743-0

Allan Ahlberg

Soñar con dinosauros

Nunha escurísima rúa hai unha altísima casa cun profundísimo soto. Nese profundo, profundísimo soto, hai unha comodísima cama na que tres esqueletos están a soñar. Con esta fórmula rítmica e sonora comeza unha nova e trepidante aventura dos esqueletos máis divertidos. Nesta ocasión son perseguidos en soños por orixinais osamentas de dinosauros ata que o valente esqueleto de can desencadea un terrorífico e divertido final. Con ilustracións de André Amstutz e tradución de Óscar e Sandra Senra Gómez.

Kalandraka — Cartonado
21,2 × 27,5 cm — 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-240-3

15,20 €

Ramón D. Veiga

Violeta ás agachadas

A Violeta nada lle gusta máis que xogar ás agachadas na casa sempre busca o mellor lugar onde esconderse: debaixo das camas, dentro dos armarios, nas lacenas da cociña... Cando xa non lle queda ningún escondedoiro por descubrir, procura outros refuxios. Un álbum ilustrado por Abi Castillo onde aprender e percorrer os meses do ano e as súas características seguindo os soños de Violeta, a protagonista.

Xerais — Cartonado
23 × 30 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-379

13,50 €

Marcelo Simonetti e María Girón

Os migrantes

Un álbum sobre o medo ao descoñecido a través da ollada curiosa e inocente da infancia. Ao acabar un día de escola, dous irmáns reciben a nova de que dous "migrantes" van chegar ao colexio. Como é a primeira vez que oen esa palabra, pasarán a tarde pensando nos seus posibles significados. A emoción ante o descubrimento que supón unha nova amizade levaraos a esquecerse dos migrantes que, en realidade, nin sequera chegaron a aparecer. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka — Cartonado
24,5 × 21,5 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-251-9

15,20 €

Miguel Ángel López, O Hematocrítico

Son tan escritor como humorista porque sempre in que os meus textos sexan divertidos

O patio é un mundo marabilloso que me inspirou cantidade de aventuras

Miguel Ángel López González, popularmente coñecido como O Hematocrítico, é un mestre coruñés, humorista, autor dunha longa lista de libros e toda unha personalidade nos novos formatos de escrita na Internet. Nos seus textos mestura con gran habelencia acción e humor. Gústalle tanto poñer patas arriba os contos clásicos para amosar novas mañas das súas personaxes máis icónicas, como propoñer situacións extravagantes e anacrónicas. Á longa serie de títulos seu súmase agora *Unha unicornia* na colección que leva o cariñoso título de Os Hematiños.





Foto: Daniel Puente Vello

—"É incrible a cantidade de cousas das que podes ser testemuña se paseas polo patio cos ollos e os oídos ben abertos". A frase é de Xoán, personaxe de "Dona problemas". Vostede é mestre e escritor, talvez o patio é tamén unha fonte de inspiración.

—Absolutamente. A escola, a infancia. Tanto a miña propia como a dos peques do meu entorno. É difícil valorar a enorme influencia que tivo na miña obra o feito de ter traballado durante vinte anos con xeracións e xeracións de rapazada de todas as idades. O patio é un mundo marabilloso no que vivín numerosas anécdotas e me inspirou cantidade de aventuras.

—No mesmo libro, cando Xoán fala das habilidades especiais da protagonista principal, Carlota, conta que son "a supermirada, a superescoita, a superintuición e a superempatía". Diríase que algo así lle acontece a vostede con algúns dos seus personaxes polos que semella sentir tamén moita empatía. O Lobiño, sen ir máis lonxe.

—É verdade. O Lobiño e Carlota son personaxes tenros, amables e moi moi empáticos. Son "riquiños". Gústame poñer o foco nese tipo de calidades, as que eu valoro máis positivamente, para crear as miñas personaxes máis nobres e bondadosas.

—Moitos dos seus traballos, máis literarios ou non, están ligados co humor. Tanto lle vale para falar dos hábitos alimenticios como do dereito á diferenza. É fundamental á hora de escribir para os máis pequenos?

—É, non sei se fundamental pero si unha vantaxe á hora de comunicarme con eles porque é verdade que na idade escolar o humor é moi apreciado e valorado. Tamén é a miña maneira de ser, é como percibo eu o mundo. Son tan escritor como humorista porque sempre intento que os meus escritos sexan divertidos.

—Princesas listas coma un allo que queren divertirse, un Garavanciño negociador, un frautista de Hamelin con experiencia en control de pragas, un vampiro que non quere ver nin unha gota de sangue, un rato Pérez que vende obras de arte en poxas e por Internet... Bota man de personaxes clásicos para logo darlles unha volta e poñelos en situacións hilarantes. Goza con este xogo?

—Si, moitísimo. Gozo collendo referentes que todos os nenos e nenas coñecen e dándolles a volta. Utilizo personaxes de contos clásicos, superheroes, piratas... referentes tradicionais do imaxinario infantil para facer humor con eles.

—Como é vostede na vida real?

—Eu sempre estou buscando cousas interesantes e divertidas, na literatura, na música, no cine. Son divertido e curioso.

—Alberto Vázquez, Mar Villar, Albert Monteys e mesmo Paco Roca ilustraron os seus textos. Como foi traballar con este último?

—Con todos eles, un privilexio! Síntome afortunado de poder traballar con algúns dos artistas que máis admiro. Paco é un profesional marabilloso e conectamos moi ben. Continuaremos traballando xuntos en vindeiras aventuras de Dona Problemas.

—E cal é a orixe do seu alcume.

—É o nome do meu antigo Blog! Púxenlle ese nome no 2006 antes das redes sociais. E cando abrín o meu twitter a xente coñecíame polo meu blog así que...

—*Unha unicornia* pertence á mesma colección que *Un can. O meu irmono, Oso Banda*. Cal é a clave destes personaxes bautizados como os Hematiños?

—A clave é crear humor intelixente, un relato breve e sorprendente para nenos e nenas moi moi peques (a partir de 2 anos) coas limitacións de espazo e linguaxe que iso supón. É un dos meus proxectos máis queridos!

O Hematocrítico

Unha unicornia

Estrela é unha unicornia á que lle encantan as nenas: todo no seu cuarto está decorado con imaxes de pequenas humanas. Cumprirá o seu soño de coñecer unha nena de verdade algunha vez? As ilustracións son de Alberto Vázquez.

Xerais — Cartonado
16 × 16 cm — 24 páxinas

ISBN: 978-84-1110-405-0

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

tento

Títulos anteriores

Feliz Feroz
O lobiño riquiño
ISBN: 978-849121-014-6
10,95 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Axente Riciños
ISBN: 978-84-9121-055-9
13,50 €

Rapunzel con piollos
ISBN: 978-84-9121-569-1
13,50 €

Alcaldesa vermella
ISBN: 978-84-9121-650-6
13,50 €

Lendas do recreo
A media hora dos heroes
ISBN: 978-84-9121-653-7
13,95 €

Lendas do recreo
Campións do mundo
ISBN: 978-84-9121-654-4
13,95 €

Un can
ISBN: 978-84-9121-806-7
11 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Gaivota gourmet
ISBN: 978-84-1110-074-8
11 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

O meu irmono
ISBN: 978-84-9121-805-0
11 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Vaia cabuxiño
ISBN: 978-84-9121-883-8
13,50 €

Axente Riciños
Misión princesa
ISBN: 978-84-1110-108-0
12,95 €

Caderno de escrita divertida
ISBN: 978-84-1110-106-6
12,95 €

Oso banda
ISBN: 978-84-1110-147-9
11 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Dona problemas
ISBN: 978-84-1110-258-2
12,50 €

Morto de fame
ISBN: 978-84-1110-330-5
12,95 €



Xerardo Quintiá

O corazón dos paxaros

Unha historia de amor polos paxaros que fala do compromiso coa natureza. Por medio do humor, a poesía e a musicalidade dos xogos de palabras o autor pon de manifesto o protagonismo dos animais e a necesidade dun cambio na relación con eles. As ilustracións son de Nuria Díaz.

Xerais — Cartonado
16,20 × 25 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-382-4
15,15 €

Rafa Ordóñez e Christian Inaraja

Sete monstros e un gato

Un vampiro, un zombi, un fantasma, unha bruxa, unha momia, un home lobo, o monstro de Frankenstein e un gato fan un paseo terrorificamente divertido, cheo de sorpresas e cun final inesperado que transforma a historia. Ideal para contar arredor do día de Defuntos, nun orixinal conto circular. Os protagonistas irán desaparecendo, un por un, da forma máis disparatada. As ilustracións de Christian Inaraja, cheas de cor sobre fondos claros, dan forma a algúns dos personaxes de medo máis coñecidos da tradición literaria infantil e acentúan o carácter cómico desta proposta. A tradución é de Manuela Rodríguez.

Kalandraka — Cartonado
22 × 22 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-249-6
14 €



Ramón Romero Nogueira

A abelliña que perdeu as ás

Unha mañá, cando está a piques de ir apañar pole coa súa cestiña, a pequena abella decátase de que perdeu as ás. Onde as puido deixar? Un conto en verso sobre unha adorable abelliña algo despistada. Ilustra Uxía Pin.

Xerais — Rústica
13,5 × 19 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-384-8
11,50 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Jordi Font Barris

Inventos

Os romanos tiñan neveiras? Dende cando hai billas? Preguntas enxeñosas e respostas rápidas para aprender moitos detalles e curiosidades sobre os inventos. Un libro para espertar a curiosidade de rapazas e rapaces e a súa gana de saber aínda máis. Ilustrado por Jorge del Corral Escriche.

Xerais — Rústica
17,5 × 22,5 cm — 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-356-5
15,48 €

Estefanía Padullés

A pantasma do Castelo

Porlier e a súa loita pola liberdade

Unha viaxe ao século XIX para descubrir a vida de Juan Díaz Porlier, un heroe que defendeu a liberdade ata a súa morte. O percorrido pasa polo Castelo de Santo Antón, onde hai unha pantasma moi especial.

Hércules — Cartonado
22 × 30 cm — 40 páxinas

ISBN: 978-84-19754-16-5

En castelán:
El fantasma del castillo
Porlier y su lucha por la libertad
ISBN: 978-84-19754-15-8
15 €

TEATRO



Artur Trillo

Voa, voa!

Todas as tardes Xoana baixa xogar ao parque, onde coincide con Anxo, un neno introvertido que non lle gusta nada brincar fóra, e que prefire estar na casa vendo a tele ou xogando cos videoxogos. Pouco a pouco vai entrando nos seus xogos, que lle ensinara a súa avoa. Un texto que se propón recuperar retrousos, xogos de man e toda unha relación de ditos populares centrados nas pequenas rimas que perduraron xeración tras xeración e que se foron transmitindo de xeito oral. Con debuxos de Esteban Souto.

Galaxia — Rústica
12,3 × 20 cm — 196 páxinas

ISBN: 978-84-1176-062-1
14 €

María Canosa

Muriel

Caos no laboratorio lácteo

Unha nova e intrigante aventura para Muriel e o seu raposo Blin. Ambos viven demasiado tranquilos no Castelo, sen os atafegos doutra época. Mais todo muda logo dun estrondo no laboratorio que os vai involucrar nunha misión tan intrigante coma entrañable. Ilustrado por Lucía Cobo.

Xerais — Rústica
13,5 × 19 cm — 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-385-5

12,50 €

Pablo Nogueira

Ringo

Memorias dun coello fedello

Ringo é o coello dun mago. Un día, por erro, aparece nun lugar descoñecido. En compañía dos nenos Brétema, Gada e Aldán vivirá aventuras mentres tenta volver ao Circo Fantastibuloso: unha comunidade de artistas singulares. O texto combina imaxinación, enxeño e humor ao tempo que aborda temas esenciais como a amizade, a diversidade e a empatía. As ilustracións son de David Pintor.

Xerais — Rústica
13,5 × 19 cm — 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-383-1

12,95 €

Leticia Barbadillo

A botella de lentellas

Manuel é un neno que pasa moito tempo só na casa. O martes de Entroido, bota en falta as orellas que lle preparaba a avoa –agora enferma nunha residencia– e decide facer unhas poucas. Como quere seguir a receita da avoa, emprega a súa botella chea de lentellas para estiralas, que acaba escachando e estrando de legumes o chan. Antes de deixarlle comer as orellas, a avoa sempre lle contaba as historias que esas orellas escoitaran. Agora será Manuel o encargado de imaxinar os relatos que escoitaron os doces que el mesmo preparou: sorprendentes historias protagonizadas por lentellas. A través deses relatos, que unen tres xeracións dunha mesma familia, o neno protagonista aprende a asumir a ausencia da avoa, a súa realidade social e familiar, e a sentirse un pouco máis unido ao pai. Ilustra Xiana Teimoy.

Xerais — Rústica
13,5 × 19 cm — 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-409-8

12,95 €

Eduardo Santiago

A miña amiga invisible

A familia de Uxía abandona a cidade para vivir nunha aldea preto do bosque. A nena descobre un mundo descoñecido onde nada é o que parece ou non parece o que é. O veciño máis próximo é un apicultor rabudo que, no canto de criar abellas, semella poñer trampas para apreixar fadas. A nova escola tampouco é como esperaba, tendo que soportar o acoso e as burlas dos máis brutáns. Coa inesperada aparición dunha amiga invisible intentará superar todos os atrancos que a realidade teima en poñer no seu camiño. Con ilustracións de María Brenn.

Xerais — Rústica
13,5 × 19 cm — 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-408-1

12,95 €

Lara Boubeta Bamio

XE

Álbum ilustrado por Sara Valcárcel. O texto de Lara Boubeta Bamio conta a historia dun neno ou dunha nena, quen sabe? XE é un misterio para todo o mundo e ambas autoras convidan a descubrilo.

Galaxia — Rústica
24 × 21 cm — 28 páxinas

ISBN: 978-84-1176-133-8

15,10 €



Xulia Pisón e Óscar Losada

Irene, a porteira

Na década dos anos vinte do século pasado, Irene González foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nome: o Irene F.C. Esta é a historia dunha nena que levou a súa paixón máis alá dos límites establecidos para as mulleres da época.

UDC — Rústica
17 × 24 cm — 60 páxinas

ISBN: 978-84-9749-869-2

14 €



Héctor Pena

A pioneira

De Ester din que é unha "marimacho". Tamén lle chaman "muller hombruna". E só porque lle gusta xogar ao fútbol. Pero a Guerra Civil e a represión do fascismo poden ser un muro demasiado duro que superar. Ou non. Porque a "roja acérrima" que vían as autoridades convértese nunha pioneira e un exemplo para as mulleres de alto risco. Empacadoras, atadoras, pescantinas e proletarias da industria pesqueira que se botaron ás rúas para opoñerse ao novo Réxime do 18 de xullo. E co balón nas cabeza, nos pés e nas mans da gardamallas.

Xerais — Rústica
13 × 21 cm — 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-324-4

12,45 €

María Reimóndez

Furia

A historia dunha moza que se enfronta á perda e á dor; unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro; un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de ter sempre alguén que guíe á hora de evitar os golpes eludibles e acompañe para encaixar os inevitables. Tras a morte da súa nai, Cecilia, unha adolescente de dezaseis anos, non sabe como convivir coa dor. Por se non fose pouco, unha pandemia, un cambio de casa, a precariedade e a incomunicación coa súa tía avoa énchena de rabia ante o mundo que a rodea. Cando semella que nada podería empeorar máis, atópase co boxeo. Grazas a este deporte e a unha serie de persoas que a acompañarán, Cecilia atopa a confianza nas propias forzas para buscar unha vida plena, para dar co seu lugar seguro.

Xerais — Rústica
13 × 21 cm — 196 páxinas

ISBN: 978-84-1110-413-5

12,95 €

Á VENDA O 5 DE OUTUBRO

PREMIO JULES VERNE 2023

13↑



XIX PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL "PURA E DORA VÁZQUEZ" 2022

12↑

POESÍA



12↑

Francisco Castro

Xoán, Xoana

Xoán é Xoana. E vai ter que xogar o partido de fútbol máis difícil da súa vida. Unha batalla contra Os De Atrás, eses que non queren que as persoas sintan en liberdade. Ilustrado por Elena Andrés.

Galaxia — Rústica
12,3 × 20 cm — 208 páxinas

ISBN: 978-84-1176-057-7

14,20 €

Rosalía de Castro e Blanca Millán

Miña casiña, meu lar

A loita pola supervivencia dos máis necesitados, a avaricia dos podentes, e malia todo a alegría por vivir e superar todas as adversidades da muller protagonista cociñando un humilde caldo de gloria e un bolo de pote. Todo isto está no reivindicativo poema de Rosalía de Castro que Blanca Millán ilustra neste libro.

Galaxia — Cartonado
24 × 21 cm — 32 páxinas

ISBN: 978-84-1176-136-9

15,10 €



Jane Austen

Emma

Edición especialmente anotada e prologada para o público xuvenil. Emma Woodhouse é unha mestra xuntando medias laranxas, ou iso pensa ela. Nada lle gusta máis que entremeterse na vida dos demais, aínda que non o fai con mala intención: o único que quere é axudarlles a atopar o amor verdadeiro. Pero as súas boas ideas só darán lugar a unha serie de equívocos divertidos. Unha deliciosa comedia romántica publicada moito antes de que se inventase o xénero. Introdución e notas de Ana Bulnes, Raquel C. Pico e María Ramos Domínguez. As ilustracións, en branco e negro, son de Eva Fandiño.

Sushi — Rústica
16 × 23 cm — 468 páxinas

ISBN: 978-84-16884-72-8

26,60 €



Miguel Martín

Mururoa

Novela que afonda no comportamento humano, individual e colectivo, diante de noticias que afectan no máis profundo do noso ser coma se fosen a explosión dunha bomba atómica. Iria desaparece sen deixar rastro, pero si un profundo desacougo na súa familia que, de súpeto, aprende que significa a palabra "amor" logo dunha vida en que cada quen ía ao seu. A desaparición da moza levará a todos a reflexionar sobre os seus sentimentos e a dependencia coas persoas do arredor. Ao tempo, algo pasa na vila, que tronza o cotián e que lembra ás xentes do lugar a vulnerabilidade máis absoluta fronte a unha falsa sensación de protección.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 246 páxinas

ISBN: 978-84-1176-127-7

16,15 €



Noelia Rivas

Poder non é querer

Mariña esperta aos seus 17 anos nun hospital e non lembra nada do que pasou na tola festa do Samaín da noite anterior. A través das interesadas confesións dos amigos do instituto e dos familiares que a visitan vai apañando os anacos do que aconteceu e da espiral autodestrutiva dos últimos meses: un remuíño de desexos reprimidos, adicciónes, descubertas sexuais, veladas ameazas, segredos inconfesables... Mariña decatarase de que o sacrificio dos seus seres máis queridos non merece esmorecer a causa do odio que se profesa a si mesma. Debut de Noela Rivas que retrata con brío e fidelidade a mocidade galega actual sen ambaxes, tal e como son, pensan, desexan e actúan.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 246 páxinas

ISBN: 978-84-1176-061-4

15,70 €



12↑

Xoán Xosé Lago Pereira

Alén das estrelamares

Unha centola de viveiro non se resigna á súa sorte e soña coa liberdade do mar aberto nas Illas Cíes. Acompáñana neste texto o cruel polbo Chapapote e os perigosos habitantes do Alén, pero tamén Águeda, a peixeira, e o sabio caranguexo Respostas. Unha peculiar odisea entre o sentido da solidariedade e o humor, na que o amor converterase no premio ben merecido. Ilustrada por Denis Carballás.

Galaxia — Rústica
12,3 × 20 cm — 266 páxinas

ISBN: 978-84-1176-134-5

15,65 €

Carmen Villar Alonso

Foto: Eduardo Navarro

Os mil e un días

"Escolma de fotopoemas, un carreiro trazado a través de anos de feliz coexistencia de imaxes e letras que se miran no espello e ás veces ata discuten. O resultado é unha posible viaxe cara ao centro da poeta e da súa memoria. Nese percorrido, desexos de ser illa malia nacer península e chaves que xa non abren conviven con lembranzas de lobos a distancia discreta das verbenas. Os pasos converxen nunha teima última: ser quen de devolver á árbore a mazá e derrotar a entropía". Texto da editora.

Xerais — Rústica
14,5 × 22 cm — 240 páxinas

ISBN: 978-84-1110-388-6

12,95 €

Carmen Villar Alonso naceu en Zürich no berce da emigración. Estudou Xornalismo, Xestión Cultural e Fotografía Artística. É redactora en *Faro de Vigo*, onde tamén asina a columna de opinión "Que din as rumorosas?". Como debuxante participou en "Entrecruzar", do Proxecto-Edición do CGAC. Desenvolve un proxecto fotopoético en redes sociais como Carmen de Milmanda. Escribe teatro, contos e poesía en fanzines e revistas como *Dorna* e *Palavra Comum*, así como nos volumes colectivos *Liñas compartidas* (2019) e *Contármonos* (2023).

Ledicia Costas



Foto: Manuel G. Vicente

Ultraluz

Ultraluz é un bosque que alberga as criaturas máis escuras. O universo particular da autora estoupa nestes versos onde a infancia se abre paso entre a fantasía, o asombro e a morte. Esta edición amplía a publicada polo Centro PEN de Galicia na súa colección Arte de trobar. Inclúe ademais algunhas imaxes do espectáculo de palabra, música e luz arredor dos poemas no que Ledicia Costas acompañada dos músicos Amaro Ferreiro e Sergio M. Puga levaron os poemas de *Ultraluz* a converterse nunha creación multimedia.

Xerais — Rústica
14,5 × 22 cm — 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-431-9

12,95 €

Rebecca Elson

Un compromiso co asombro

"Se existe un verso celeste que nace aos pés de Safo, acaróase a Dickinson, miaña nas hortas de Issa e na cociña de Szymborska, ese verso é acariciado pola astrónoma e poeta Rebecca Elson. Nesta obra única dunha voz sutil como materia escura, Elson gravita con perspicaz elegancia pola enfermidade, o espazo exterior e o íntimo, e deixa un legado polímata: a física e o poema apelan por igual á nena que somos. Se somos o que lemos, somos aínda máis o que nos asombra ler. E nós, humanas e galegas, temos un compromiso pode que rosaliano co asombro". Texto da autora.

Galaxia — Rústica
16 × 22 cm — 140 páxinas

ISBN: 978-84-1176-141-3

15,10 €



Helena de Alfonso e Jose Lara Gruñeiro (Barahunda)

Fremosas

Cantigas de amigo e de amor

Este quinto traballo de Barahúnda pretende ser un artefacto musical, literario e divulgativo. Na súa orixe foi proxectado, segundo din os autores, como un disco temático que reunise as cantigas que "fomos creando a través dos anos, máis as que se compuxeron exclusivamente para esta, a nosa persoal colección de lírica medieval galego-portuguesa".

Toxosoutos — Rústica
15 × 23,5 cm — 204 páxinas

ISBN: 978-84-127039-9-3

17,10 €



Luís Valle

As asuras

As asuras é un poema sobre a epilepsia e a derruba do edificio psíquico. Poesía nos lindes do desposuimento, a febre e o tremor. Luís Valle (Lugo, 1977) publicou *Zigurat* en 2001, composto polos libros *Jano, Jethro en Irán, Poemas para el silencio* e *Inacabado*. Logo viñeron *Epitafio y corona para Manuel Quiroga* (2007), *A caída* (2009), Fedor (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do Sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015), *Para que eu beba* (2017), *Óstraka* (2019), *Causa de nieve* (2021) e *Alianza* (2022). Con *As asuras* pecha un ciclo de vinte e cinco anos de escrita lírica pola que obtivo abondosos galardóns e recoñecemento crítico.

Barbantesa — Rústica
14 × 20,5 cm — 54 páxinas

ISBN: 978-84-945501-7-1

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carlos Negro e Raquel Senra

O tempo dos lagartos

"Este libro intenta ser un punto de sutura entre un tempo clausurado e unha expectativa de cambio; desa crise abrollan imaxes e palabras nun acto de supervivencia que transforma o amor nun dente de león a voar polo aire, porque medrar manca a pel, a casa, os adentros". Texto da contracapa. Ilustrado por Raquel Senra.

Galaxia — Rústica
16 × 22 cm — 172 páxinas

ISBN: 978-84-1176-055-3

15,20 €

TEATRO

Paula Carballeira

As alumnas

O xurado do Premio Nacional de Literatura Dramática salientou a obra por ser un elogio á docencia que ensina sobre a dúbida e o debate e pola recuperación dunha muller, símbolo do ensino moderno, igualitario e transformador que propuña a II República. Esta peza de teatro foi escrita a partir dunha proposta de Fran Rei como representante de Culturactiva. Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola. Así, a memoria, as lembranzas que se van desenvolvendo neste xogo de persoas adultas que é o teatro, fannos descubrir como as decisións que se tomaron, e o medo e a rebeldía, marcan o seu destino.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 100 páxinas
ISBN: 978-84-9151-798-6
12,20 €

Domingo Villar

Foto: Elena Palacios



Síbaris

Esta é a obra de teatro que Domingo Villar rematou pouco antes do seu pasamento e que entregou a Editorial Galaxia para a súa publicación. Trátase dunha peza protagonizada por un escritor que se atopa dende hai anos nun bloqueo creativo. É sobre todo unha obra divertida, como era o seu autor. Co fino sentido do humor que Domingo Villar destilaba, desfilan pola escena as filias e as fobias de moitas escritoras e escritores, que teñen que ver cos medos, as inseguridades e as paranoias de quen se dedican a escribir. Trátase dunha reflexión aguda, cómica, ás veces desapiadada, mais sempre lúcida, arredor da literatura e de todo o que a rodea. Está ilustrada por Carlos Baonza, autor dos linogravados de *Algúns contos completos*, o derradeiro libro que Villar viu publicado en vida.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 170 páxinas
ISBN: 978-84-1176-139-0
15,15 €



Fátima Delgado

Run baby run

Alba é unha atleta que adestra duro. Vén de gañar unha medalla de ouro no Mundial de atletismo e está no seu mellor momento. Pero a súa carreira verase truncada por unha acusación inesperada. Uns meses antes dos Xogos Olímpicos a deportista é apartada da competición oficial. Para Alba correr é respirar, e nese momento o seu mundo derrúbase. Atópase nunha encrucillada da que intenta saír para cumprir o seu soño sen renunciar ao seu verdadeiro ser. *Run baby run* aborda a discriminación de xénero no deporte.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 86 páxinas
ISBN: 978-84-1176-137-6
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Antonio García Teijeiro

O poder da fraxilidade



Un poemario para o público adulto escrito durante a pandemia, versos como coitelos que falan da fraxilidade humana e da incerteza da vida. "É o amor unha porta aberta á esperanza? Despois do camiño percorrido na única vida que nos toca vivir, queda algo daqueles soños de nenez, da mocidade, dos primeiros anos da adultez? É o noso paso pola vida o voo dun paxaro que ás veces volve ao niño e outras emigra e non sabemos máis del?". Son reflexións de An Alfaya no limiar do libro, que remata contundente: "Cando un entra no mar poético de *O poder da fraxilidade* ninguén sae indemne".

Belagua — Rústica
14 × 21 cm — 102 páxinas
ISBN: 978-84-124434-9-3
15 €

Pedro Mayo

O mar que me mira



"A vida é o que lembramos. É unha caixa chea de cartas anoadas do pasado, que neste libro collen forma de poesía", di a editora. "Os poemas flutúan, ben no ar coma papaventos, ben no chan removidos polo nordés, ben na ribeira aboiando na auga, co engado da sensibilidade e da sinxeleza, á espera de ser recollidos para ser gozados. Esta é a poesía flutuante de Pedro Mayo, limpa e directa, que asolaga o corpo, que nos leva a un lugar concreto, ao Cantábrico, pero que podería ser lida e sentida por calquera e en calquera lugar, pero sempre mirando o mar que nos mira, porque todos levamos un mar dentro".

Toxosoutos — Rústica
10,5 × 16,5 cm — 88 páxinas
ISBN: 978-84-127039-1-7
11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Xavier Rodríguez Baixeras

Onde ferve a memoria

"Na primavera silenciosa o poeta consegue entrar na súa casa, mais só para atopar o abatemento e a disolución de infinitos voos converxentes de morcegos, que logo asociará ao comportamento da anguía, cando esta, antes de se esvaecer no mar, xa non logre regresar en forma larvaria á terra da que partiu. En *Onde ferve a memoria*, morcegos e anguías son, pois, os seus protagonistas, cuxos opostos comportamentos (súbita converxencia e demorada marcha) acaso só pertenzan á memoria do que ficou de nós, reféns tamén da escuridade". Texto da editora. O libro está magnificamente ilustrado por Baldo Ramos.

Galaxia — Rústica
12 × 22 cm — 104 páxinas
ISBN: 978-84-1176-063-8
13,95 €



Fernando Ramallo

Que pasa co galego?

32 preguntas sobre a situación social da lingua

O sociolingüísta Fernando Ramallo fai unha reflexión crítica sobre a situación do idioma galego coa finalidade de xerar un debate de transformación social arredor da lingua.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-377-0

16,62 €

Suso de Toro

Descubrindo Ana Pontón

Nesta obra o escritor Suso de Toro segue os pasos de Ana Pontón, dende a súa infancia até a actualidade. Trátase do retrato en movemento da politóloga, parlamentaria e portavoz nacional do BNG. Na súa voz destílanse as experiencias do nacionalismo galego, de xeracións de persoas comprometidas cunha causa que se visibiliza como froito dunha estirpe das mulleres galegas.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1110-430-2

12,95 €



Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Coord.)

A Tansición en Galiza

A presente obra é a mostra do traballo que realiza a Cátedra de Memoria Histórica da Universidade da Coruña que dirixe o profesor Uxío-Breogán Diéguez co decidido apoio do Concello da Coruña, en favor da posta en valor da memoria histórica democrática. Un volume no que se presentan, en síntese, catorce investigacións centrais para comprender a Galicia da Transición. A Cátedra creouse oficialmente no outono de 2018 e deu lugar á publicación de tres libros, a realización de varios seminarios e xornadas, a inauguración de dúas exposicións. Impulsa tamén xunto ao Concello da Coruña o Punto de Atención ás Vítimas do Franquismo e aos seus Familiares (PAVF), inaugurado en xuño de 2021.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 376 páxinas

ISBN: 978-84-8487-637-3

23,70 €



Ramón Villares

Galicia e Portugal irmandade e fronteira

Nunha primeira versión en lingua portuguesa, este ensaio tiña como horizonte establecer un diálogo coa historia e coa cultura portuguesas, feito en claves galegas, pero non desconectadas da cerna histórica de Portugal, máis tamén como unha mirada ao futuro que permita entender que Galicia e Portugal poderán alcanzar un importante peso rexional no cadro da Unión Europea se aproveitan as vantaxes das políticas transfronteirizas. Os contidos básicos daquel ensaio publícanse agora nesta editorial con algunhas revisións e engadidos para o lector galego. O libro é unha aposta por contribuír ao diálogo intelectual entre Galicia e Portugal, como fixeron moitos devanceiros.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-1176-053-9

15,20 €

Luís Álvarez Pousa

Medios e políticos baixo sospeita (1990-2023)

Os xigantes tecnolóxicos Google, Facebook, Amazon ou Twitter fan circular información como se dunha simple mercadoría se tratase. Sen que os poderes institucionais e políticos fixeran nada por regular esa nova orde global sostida polos contravalores da desinformación e a mentira. En medio dese *tsunami*, os medios tradicionais e o xornalismo son ao tempo vítimas -desactivan a súa función política de intermediarios- e cómplices -réndense ao sensacionalismo. O autor deste libro seguiu con mirada crítica ese proceso de progresiva degradación do sistema de comunicación, e articulou un trazado de causas, efectos e responsabilidades que teñen no acontecer político, social e cultural dos últimos 32 anos a súa bagaxe contextual.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 596 páxinas

ISBN: 978-84-8487-639-7

33,20 €

Manuel Monge González

Feijóo

Biografía dun farsante (non autorizada)

Biografía non autorizada que tenta desmontar o discurso da dereita e a ultradereita. O autor analiza a traxectoria e declaracións do presidente do Partido Popular e incide nas contradicións cos feitos.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 316 páxinas

ISBN: 978-84-8487-645-8

23,70 €



Borxa Neira

Mover os marcos

A (des)organizaçom do território galego

Na década de 1990, o Governo galego desenhou um custoso processo de comarcalizaçom que acabou tendo um resultado de escassa incidência real. Polo contrário, concelhos, províncias e outras partições administrativas alheias a nós até há dous séculos continuam em plena vigência, gerando umha planta administrativa sobredimensionada. Cumpre movermos os marcos internos que nos delimitam, com o fim de construirmos umha renovada planta territorial galega, baseada em comarcas que sejam o espelho da nossa realidade socioeconómica atual e com o intuito de perdurarem no tempo. E este livro tenta mover os marcos internos, aqueles que delimitam o pensamento da pessoa que nos lê.

Através Rústica
16,3 × 23,4 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-16545-85-8

15 €

Isabel Rodríguez Mate

Eles libres e iguais, elas obedientes pola graza de Deus

A autora analiza como repercutiu a perpetuación dos valores morais da Igrexa católica na discriminación das mulleres durante a construción do sistema liberal no Estado español e en Galicia (1812-1936). Na Constitución de 1812 enunciábanse como principios esenciais do dereito a liberdade e a igualdade dos individuos, mais as mulleres ficarían excluídas destas premisas até 1931. Os principios vinculados á moralidade serían un puntal clave no contrapeso aos primeiros ecos feministas da Idade Contemporánea en Galicia.

Laiovento — Rústica
14 × 21 cm — 226 páxinas

ISBN: 978-84-8487-633-5

23,70 €



Héctor Pena

Foto: Noela Reu

Historia do fútbol feminino en Galicia

Repasa o longo traxecto de resiliencia e sororidade na relación da muller con este deporte, dende os tempos da pioneira Irene González ata a actualidade, en que a xeración de ouro das Vero Boquete, Mari Paz Vilas e compañía comeza a deixar paso a unha nova fornada de talentos. Héctor Pena (Compostela, 1985) é xornalista, historiador e doutorando en Turismo Deportivo na UVigo. Gañou o Premio Johán Carballeira de Xornalismo (2023) pola súa *Historia inacabada do deporte galego*, publicada en *Nós Diario*, onde é o responsable da sección de Deportes.

Galaxia — Rústica
17 × 24 cm — 214 páxinas

ISBN: 978-84-1176-132-1

16,62 €

PREMIO RAMÓN PIÑEIRO DE ENSAIO 2022

Xosé Antón Cascudo

A mística da feminidade en Mad Men

Este ensaio trata de desvelar as conexións entre a serie de TV *Mad Men* (2007-2015) e o ensaio de Betty Friedan *The Feminine Mystique* (1963), texto clave da "segunda onda" do feminismo. Ambas as obras inciden no papel que desempeña a muller durante a década de 1960, no contexto da cultura de masas, coa sociedade de consumo, a publicidade e a televisión.

Galaxia — Rústica
13,5 × 21 cm — 174 páxinas

ISBN: 978-84-1176-048-5

17,33€

Aurora Marco

Carmiña Sierra

A primeira muller do Seminario de Estudos Galegos

Carmiña Sierra Domínguez (Pontecesures, 1906-Caracas, 1996) foi a primeira muller que ingresou no Seminario de Estudos Galegos a poucos días de se constituír. Estudou Filosofía e Letras en Compostela, obtivo unha cátedra de Literatura Española e exerceu en varios centros de ensino medio fóra de Galicia. Esta monografía de Aurora Marco recupera a súa traxectoria, enriquecida cun cento de imaxes e documentos históricos moi descoñecidos.

Alvarellos — Cartonado

ISBN: 978-84-18567-45-2

18,52 €



Gloria Steinem

A miña vida nas estradas

Gloria Steinem tivo unha infancia itinerante. Cando era pequena, o seu pai adoitaba meter a toda a familia no coche e conducir, cada outono, ao longo de Estados Unidos en busca de aventuras para gañar a vida. E así se plantou a semente: Steinem deuse conta de que crecer non tiña por que significar estar sempre no mesmo lugar e comezou unha vida dedicada a viaxar, ao activismo e ao liderado, a escoitar as voces de quen inspira o cambio e a revolución. Historia amena, conmovedora e profunda de como Gloria foi medrando, e con ela o movimento revolucionario pola igualdade, dende a súa primeira experiencia de activismo feminista na India ao seu traballo como xornalista nos anos sesenta. En tradución de Raquel Senra.

Hércules — Rústica
14 × 21 cm — 344 páxinas

ISBN: 978-84-18966-66-8

21,75 €



Erica Couto-Ferreira

Corpos

As outras vidas do cadáver

No canto de relatar a historia humana a través da vida, Erica Couto-Ferreira convida a facelo a través da morte, non en van "a lóxica da existencia humana confirma que pasaremos máis tempo mortos que vivos". A autora amosa neste ensaio as formas en que se trataron os cadáveres, como se conservaron para a posteridade e mesmo como se escribiu sobre eles. A autora é doutora en Historia, especializada no Próximo Oriente Antigo.

Faktoría K — Rústica
13,5 × 20,5 cm — 368 páxinas

ISBN: 978-84-19213-45-7

18,05 €

Raquel C. Pico

Millennials

Unha xeración entre dúas crises

A xeración millennial medrou na España que "vai ben" e estaba chegando á idade adulta cando o país estaba na "Champions da economía". A crise de 2008 freou a súa entrada no mundo laboral e a pandemia foi un golpe inesperado cando estaban comezando a ver unha lixeira recuperación. E agora seguen atrapados nunha sorte de eterna xuventude precaria. Dano colateral dunha sucesión de crises históricas, esta xeración está queimada pola precariedade laboral, o inaccesible mercado da vivenda, por ter que pospoñer unha e outra vez os grandes fitos da vida adulta. E, se miran ao futuro, non son optimistas. Malia todo, a gran conquista millennial é, xustamente, que as relacións, as actividades e as realidades importantes poden ser as que decidan que sexan.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 266 páxinas

ISBN: 978-84-1176-059-1

18,52 €



Alba Garrido Fernández

De Galicia a Mauthausen

Dende 1940, preto de 9.300 españois pasaron polas instalacións de Mauthausen e doutros campos de concentración do III Reich, deles, máis de douscentos eran galegos, dos que moitos non chegaron a ver a fin do conflito. Os supervivintes principiaron unha nova e longa etapa no exilio que iniciaran tras o comezo da Guerra Civil, e que, no caso de moitos, non rematou tras a morte do ditador. Este traballo de investigación histórica procura dar luz sobre as orixes, contextos, traxectorias vitais e experiencias daqueles galegos que remataron nos campos de exterminio da Alemaña nazi, para que o seu doloroso transitar non quede no esquecemento, construíndo, ademais, unha base sólida para futuras investigacións.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 198 páxinas

ISBN: 978-84-1176-052-2

20,33 €



Manuel Pérez Rúa

Galicia, 1981-2021. Autonomía, sociedade e cultura

Conversas con Xosé Luís Barreiro e Ramón Villares

Entre 1981-2021 prodúcense transformacións estruturais como o remate da Transición política, a chegada da Autonomía a Galicia, a consolidación do transvase rural-urbano, o acceso ao poder da socialdemocracia en España, a entrada do neoliberalismo no mundo occidental, o pulo do feminismo, a decadencia da Igrexa católica e a caída demográfica. Nesta entrevista, en diálogo con Xosé Luís Barreiro e Ramón Villares, afróntanse os cambios entre dous séculos.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 370 páxinas

ISBN: 978-84-1176-143-7

23,75 €



Lois Carré Alvarellos

Murguía, o Patriarca

A biografía inédita de 1953

